| | B4.3. | LCB4.3.1 | CSC | Compara textos literarios e pezas dos medios de comunicación que respondan a un mesmo tópico, observando, analizando e explicando os puntos de vista segundo o medio, a época ou a cultura, e valorando e criticando o que le ou ve. | 50% | | | | |
| B4.2. | B4.5. | LCB4.5.1 | CCL | Le e comprende unha selección de textos literarios, en versión orixinal ou adaptados, e representativos da literatura da I. Media ao Século de Ouro, identificando o tema, resumindo o seu contido e interpretando a linguaxe literaria. | 100% | | 100% | | |
| | | LCB4.5.2 | CCEC | Expresa a relación entre o contido da obra, a intención do/da autor/a e o contexto, e o mantemento de temas e formas, emitindo xuízos persoais | 50% | | 100% | | |

| | | | | | | | | | |
|-------|-------|----------|------|---|------|--|--|--|---|
| | | | | razoados. | | | | | |
| B.5.6 | B5.6. | LGB5.6.1 | CCL | Crea ou recrea textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula. | 50% | | | | 5 |
| B4.3 | B4.6. | LCB4.6.1 | CCEC | | | | | | |
| | | LGB6.6.2 | CCL | Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos. | 100% | | | | 5 |
| | | LGB4.6.2 | CCEC | | | | | | |
| | | | CAA | | | | | | |

| | | | | | | | | | |
|-------|-------|----------|------------------|---|------|--|-----|--|-----|
| B4.6. | B4.4. | LGB4.4.2 | CCL CSC | Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916. | 100% | | 80% | | |
| | | LGB4.4.3 | CCL CSC | Identifica as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916. | 100% | | 80% | | |
| | | LGB4.4.4 | CCL CSC | Identifica as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916. | 100% | | 80% | | |
| | | LGB4.4.5 | CCL CSC CD | Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das TIC, relacionados coa historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916. | 50% | | | | 50% |
| B4.9. | B4.7. | LGB4.7.1 | CCL | Identifica e clasifica as variantes diastráticas do galego. | 50% | | 80% | | |
| B4.9. | B4.7. | LGB4.7.2 | CCL CSC | Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega e valóraa como variante unificadora. | 50% | | 80% | | |
| B4.9. | B4.7. | LGB4.7.3 | CCL CSC | Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona. | 100% | | | | 50% |

| | | | | | | | | | |
|--------|--------|------------|---------------------|---|------|--|-----|--|--|
| B3.10. | B3.10. | XHB3.10.1 | CSC CAA | Distingue as características de réximes monárquicos autoritarios, parlamentarios e absolutos | 100% | | 80% | | |
| B3.11. | B3.11. | XHB3.11.1 | CSC CAA | Comprende os conceptos de cambio e continuidade en relación co reinado dos Reis Católicos. | 50% | | 80% | | |
| B3.12. | B3.12. | XHB3.12.1. | CSC CMCCT CAA | Explica as causas que conduciron á descuberta de América para Europa, a súa conquista e a súa colonización. | 100% | | 80% | | |

| | | | | | | | | | |
|--------|--------|------------|-------------------|--|------|--|-----|--|--|
| | | | CCL | | | | | | |
| | | XHB3.12.2. | CSC | Coñece os principais feitos da expansión de Aragón e de Castela polo mundo | 50% | | 80% | | |
| | | XHB3.12.3. | CSC CAA CCL | Sopesa interpretacións conflitivas sobre a conquista e a colonización de América. | 100% | | 50% | | |
| B3.13. | B3.13. | XHB3.13.1. | CSC CAA | Analiza as relacións entre os reinos europeos que conducen a guerras como a dos "Trinta Anos". | 50% | | 50% | | |

6-METODOLOXÍA DIDÁCTICA.

A metodoloxía que utilizamos no desenvolvemento do programa debe permitir ao alumnado facerse preguntas, razoar, contrastar, extraer conclusións. Para iso propoñemos as seguintes estratexias metodolóxicas.

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS.

Os criterios que tomamos como referencia para a aplicación das estratexias metodolóxicas son os seguintes:

- Fomento da interacción social e do uso da linguaxe.
- Actividades que promovan relacións comunicativas.
- Potenciación da interacción profesor-alumno.
- Emprego do diálogo, os debates e a exposición de ideas.
- Favorecer a aprendizaxe significativa.
- Flexibilidade na organización dos espazos no centro para facilitar un clima de traballo e de aprendizaxe.
- Distribución do tempo suficiente e adecuado ao ritmo de aprendizaxe do alumnado.
- O alumnado como protagonista da aprendizaxe e o profesor como o seu facilitador.

En función do sinalado anteriormente, adoptamos as seguintes estratexias metodolóxicas, que utilizamos en función do contexto no que se produce o proceso de ensinanza-aprendizaxe:

-Expositivas. Esta estratexia é a máis aceptable cando os contidos a tratar son moi abstractos e teóricos. É recomendable presentar os contidos de modo moi elaborado e mediante un soporte oral ou escrito. Para que sexa efectiva debe ser reforzada mediante a realización dalgunhas actividades ou traballos complementarios que lle permitan ao alumnado profundar no tema.

- **De indagación.** Esta estratexia é adecuada para a aprendizaxe de conceptos e invita ao alumnado a reflexionar sobre as ideas aprendidas e buscar as formas máis adecuadas para traballar con elas.

Tamén debemos mencionar a importancia que teñen as tarefas sen unha solución clara ou cerrada nas que as diferentes opcións son igualmente posibles e válidas, que favorecen a profundización sobre os problemas complexos.

Un caso particular son os proxectos de investigación, é dicir, traballos de pequena envergadura, nos que os alumnos, individualmente ou en grupo, levan a cabo unha investigación propiamente dita.

- **Dedutivas.** Esta estratexia facilita que o alumnado mediante a realización dunha serie de actividades o máis diversificadas posible, constrúa os seus coñecementos, sendo o profesorado o que deseña e organice ditas actividades e interveña guiando o proceso e corrixindo os posibles erros e as situacións confusas.

OUTRAS DECISIÓNS METODOLÓXICAS: AGRUPAMENTOS, TEMPOS, ESPAZOS, MATERIAIS, RECURSOS.

As particulares condicións nas que se desenvolve o programa de mellora da aprendizaxe e o rendemento permiten prestar ao alumnado que o cursa as axudas pedagóxicas singulares.

AGRUPAMENTOS.

A agrupación das materias en ámbitos facilita un enfoque metodolóxico funcional, en que os contidos curriculares se deben tratar desde un punto de vista global, práctico, motivador e personalizado. É fundamental, que o alumnado perciba a conexión que existe entre os contidos que debe aprender e o mundo que os rodea, desde os puntos de vista científico, social, cultural e tecnolóxico. Partir de aspectos concretos para posteriormente profundizar e aumentar o grao de complexidade.

Tamén facilita a coordinación entre o profesorado e o coñecemento das características de cada alumno, xa que se incrementa o tempo que o profesorado pasa co mesmo grupo.

▪ **Criterios de agrupamentos:**

O criterio organizativo prioritario será a consecución do maior grao posible de **normalización**, no agrupamento do conxunto do alumnado, a organización óptima dos espazos e dos horarios e o emprego axeitado dos recursos dos que dispón o centro, xunto co resultado da avaliación psicopedagóxica, será o punto de partida para a configuración dos grupos.

Manterase a máxima **inclusión** do alumnado no seu grupo clase de referencia. En consecuencia, os alumnos/as do programa de mellora da aprendizaxe e o rendemento terán un **grupo ordinario de referencia** co que cursarán algunhas áreas do currículo común.

Por iso, as materias específicas do currículo serán impartidas nos grupos ordinarios. É importante, que na medida en que as posibilidades organizativas do centro o permita o grupo no que se inclúa este alumnado nun supoña un incremento da ratio da clase, nin concorran outras circunstancias especiais (moitos repetidores, alumnos con problemas de conduta, alumnos con necesidades educativas especiais, etc).

Aínda que o Programa de Mellora da Aprendizaxe e o Rendemento constitúe, en si mesmo, **unha organización flexible dentro da etapa**, debe considerarse a posibilidade de adoptar dentro da aula os agrupamentos máis variados posibles, para que poidan recibir as axudas individuais e personalizadas de interacción cos compañeiros e do profesorado, flexibilizándoos segundo as tarefas, preferencias e potenciando a capacidade dos alumnos/as para traballar en todo tipo de agrupamento.

Nos ámbitos o número de alumnos/as en clase debe ser de dez como máximo. Isto fai posible:

- Unha mellor atención individual, o que facilita a aplicación de estratexias didácticas de axuste e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe as características de cada alumno.
- Unha mellor adaptación ás necesidades do alumnado.
- O uso de métodos de traballo diversos, mais prácticos e motivantes para o alumno/a.
- Un seguimento e apoio titorial máis cercano.

Á súa vez o clima social da aula vese favorecido e o alumnado pode manifestar dunha maneira máis aberta as súas opinións, dificultades...

□ **TEMPOS**

▪ **Criterios organizativos dos horarios.**

Para a confección de horarios, é recomendable establecer bandas horarias para que os alumnos/as do Programa de Mellora do Aprendizaxe e o Rendemento cursen co seu grupo de referencia as materias comúns.

O profesorado que desenvolva o programa de mellora da aprendizaxe e o rendemento precisa tempo para:

- Coordinación.
- Programación e deseño de actividades específicas.
- Coordinación co departamento de orientación.

É moi importante a colaboración continuada cos pais dos alumnos/as do programa. A comunicación entre titor e familia debería ser alomenos dúas veces ó trimestre con cada familia.

O profesor-titor do grupo do Programa de Mellora da Aprendizaxe e o Rendemento reunirse cos titores dos outros grupos do mesmo nivel, sendo moi importante a súa coordinación co titor do grupo de referencia.

É necesaria unha adecuada coordinación do Departamento de Orientación cos departamentos didácticos das áreas específicas (ámbitos) e das materias de opción.

É recomendable, que os ámbitos teñan unha asignación horaria distinta ás tradicionais de 50 minutos.

| 3º de ESO | | | |
|------------------|---|--|---------|
| GRUPO ESPECÍFICO | Ámbito lingüístico e social | Lingua Galega e Literatura. Lingua Castelá e Literatura. Ciencias Sociais, Xeografía e Historia. | 9 horas |
| | Ámbito Científico e matemático | Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas. Física e química. Bioloxía e xeoloxía. | 8 horas |
| | Ámbito de Lingua Estranxeira | Inglés será a súa primeira lingua estranxeira. | 3 horas |
| | Titoría | | 1 hora |
| GRUPO ORDINARIO | Tecnoloxía. Educación Física. Relixión ou Valores éticos Música Educación Plástica, Visual e audiovisual 2ª Lingua estranxeira ou Cultura Clásica. | | |

C. ESPAZOS

Garantirase que o grupo do Programa de Mellora da Aprendizaxe e o Rendemento dispoña do espazo necesario e adecuadamente equipado para cursar as materias e ámbitos nas mesmas condicións que o resto do alumnado.

O alumnado do programa poderá utilizar as instalacións e dependencias do centro na mesma forma que o resto do alumnado.

RECURSOS.

- **Recursos materiais e económicos**

Os recursos materiais para este alumnado serán libros de consulta, cadernos de exercicios, textos literarios, mapas e cartografía, material de laboratorio, instrumentos musicais, medios informáticos e audiovisuais (vídeos, diapositivas, transparencias...).

Os materiais existentes deberán ser suficientes e axeitados para permitir o traballo con estes alumnos/as.

O Programa de Mellora de Aprendizaxe e Rendemento non ten unha asignación económica diferente.

Criterios de asignación do profesorado.

1. Con carácter xeral, os ámbitos lingüístico-social e científico-tecnolóxico serán impartidos polos profesores titores destes ámbitos, e na medida en que as posibilidades organizativas do centro o permitan formarán parte do Departamento de Orientación.

2. Cada ámbito é impartido por un único profesor/a. E conveniente que este profesor sexa o mesmo nos anos de duración do programa.

3. É recomendable que o titor do programa de mellora da aprendizaxe e o rendemento sexa o mesmo durante a permanencia do programa. Esta tarefa recaerá nun profesor de ámbito.

7.-AVALIACIÓN

A avaliación do alumnado que realiza un programa de mellora de aprendizaxe e o rendemento é a establecida con carácter xeral para o alumnado da ESO.

- Os referentes fundamentais da avaliación son as competencias e os obxectivos da educación secundaria obrigatoria así como os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeles. Esta avaliación será continua e diferenciada segundo os ámbitos do programa e as materias.
- O alumnado é avaliado polo profesorado que imparte cada un dos ámbitos e materias, baixo a coordinación do profesor titor do programa e do profesorado titor do grupo de referencia. As cualificacións dos ámbitos realízanse nos mesmos termos que as materias.

AVALIACIÓN INICIAL

Temporalización: realizarase nas tres primeiras semanas do curso.

Tipo de proba: a proba estará centrada nas competencias comunicativas do alumnado (expresión e comprensión). Terá unha parte oral (unha presentación persoal, por exemplo) e unha parte escrita (comprensión dun texto, cuestións gramaticais, elaboración dun texto, léxico).

Á parte disto, ao comezar o estudo de cada unidade formularanse unha serie de preguntas sobre o tema para saber cales son os coñecementos previos do alumno e adaptar as explicacións aos mesmos.

Información ás familias: informarase a través dos alumnos. Das valoracións de ditas probas informarase ao titor para que informe ás familias.

Consecuencias: os resultados destas probas non serán reflectidos na nota. Empregarase para coñecer a competencia inicial do alumnado e así atender á diversidade

AVALIACIÓN CONTINUA

Temporalización: realizarase como mínimo unha proba escrita por avaliación de cada unha das unidades estudadas. Debido a que en cada unha das unidades se tratan varios temas de tres materias diferentes (Lengua Española e Literatura, Lingua Galega e Literatura e Xeografía e Historia) a profesora realizará as probas que considere oportunas ao

longo da avaliación. Con isto preténdese axudar ao alumnado tendo en conta o seu perfil e as súas dificultades de aprendizaxe.

Tipo de proba: avaliaranse parte dos estándares (léxico, ortografía, cuestións gramaticais, redacción de textos, preguntas teóricas de literatura e/ou sociolingüística e historia da lingua galega, xeografía e/ou historia). Outros estándares serán avaliados en traballos individuais ou en equipo; as observacións feitas polo profesor no seu caderno de clase (traballo diario na aula, traballo fóra da aula, esforzo, participación, interese, actitude cara á materia, emprego da lingua galega, respecto, material ...); o caderno do alumno; probas orais e lectura en voz alta; proba escrita dun libro de lectura...

Nota avaliación

A cualificación de cada unha das avaliacións calcularase da seguinte maneira:

-Nota media das probas escritas que se cuantificarán con un 80%. Non se calculará a nota media con unha nota inferior ao 3. Terase en conta a corrección ortográfica e gramatical, descontando 0.05 por cada til e 0.1 por calquera outro tipo de erro (concordancias, grafías...) até un total de 2 puntos en cada proba.

-Textos escritos (redacción de diferentes tipos de textos e a proba sobre o libro de lectura) que se valoran con un 10% no caso das linguas.

-Observacións feitas polo profesor no seu caderno de clase(traballo diario na aula, traballo fóra da aula, esforzo, participación, interese, actitude cara á materia, emprego da lingua galega, respecto, material...) que se valoran un 10% nas linguas e un 20% nas materias de xeografía e/ou historia.

Recuperación das avaliacións: non se realizarán probas de recuperación até final de curso.

AVALIACIÓN FINAL

Nota final: Para calcular a nota final en xuño farase a media das tres avaliacións. Non se calcula a media con unha cualificación inferior a 3.

Proba final: realizarase unha proba final no mes de xuño. A proba será escrita e nela avaliaranse todos os estándares, sobre todo aqueles con grao de consecución máis alto. (100%). Para acadar o aprobado haberá que acadar como nota mínima un 5.

8.-CRITERIOS DE PROMOCIÓN

A **promoción** do alumnado realízase atendendo aos seguintes criterios:

- O alumnado promociona ao cuarto curso se supera todos os ámbitos e materias que integran o programa.
- Non obstante, poderá promocionar o alumnado que, tendo superados os ámbitos lingüístico e social e científico e matemático, teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, e de maneira excepcional en tres, sempre que o equipo docente considere que o alumno ou alumna pode seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa. Para estes efectos, o ámbito de linguas estranxeiras terá a consideración dunha materia.

- O alumnado que promocioe a cuarto curso con materias ou co ámbito de linguas estranxeiras do programa pendentes, deberá seguir un programa de reforzo adaptado ás súas características e necesidades

No tocante á **permanencia**:

- O alumnado poderá permanecer un ano máis no segundo curso do programa, sempre que o equipo docente considere esta medida como a máis adecuada para cursar cuarto curso da educación secundaria obrigatoria pola vía ordinaria, e obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

9.-PROCEDEMENTO DE RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE PENDENTES.

A **recuperación** das materias pendentes, realizarase atendendo ao seguinte:

- O alumnado que acceda a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento con materias pendentes de cursos anteriores realizará as actividades de reforzo e de apoio que lle permitan recuperalas ao longo do desenvolvemento do programa, e a avaliación será competencia do profesorado que o imparta, coa colaboración dos departamentos implicados.

O alumnado de 3º de PMAR non terá que realizar probas diferentes para a recuperación das materias pendentes, se as tivese. Aprobará esa/s materia/s se a aproba ao longo do curso dentro do ámbito socio-lingüístico. Por exemplo os alumnos que teñen a materia de Llingua Galega e Literatura pendente farán as actividades específicas e non os exames de pendentes; recuperarán a materia se aproban o ámbito socio-lingüístico de 3º de PMAR.

| 10.- Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente | Escala | | | |
|---|--------|---|---|---|
| (Indicadores de logro) | | | | |
| Proceso de ensino: | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado? | | | | |
| 2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe? | | | | |
| 3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física? | | | | |
| 4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado? | | | | |
| 5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado? | | | | |
| 6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado? | | | | |
| 7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE? | | | | |
| 8.- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE? | | | | |
| 9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado? | | | | |
| 10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación? | | | | |
| 11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula? | | | | |
| 12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo? | | | | |

| Práctica docente: | 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|----------|----------|----------|----------|
| 1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado | | | | |
| 2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa? | | | | |
| 3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade | | | | |
| 4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE? | | | | |
| 5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar? | | | | |
| 6.- Intercálase o traballo individual e en equipo? | | | | |
| 7.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral? | | | | |
| 8.- Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe | | | | |
| 9.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar? | | | | |
| 10.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc? | | | | |
| 11.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc? | | | | |
| 12.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos? | | | | |
| 13.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado? | | | | |
| 14.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas? | | | | |
| 15.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares | | | | |
| 16.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ? | | | | |

11.-AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

1.- Mecanismo revisión

Avaliar a Programación supón un plantexamento de avaliación continua e formativa. É dicir, debe contemplarse unha avaliación inicial, procesual e final de cada unha das fases e dos elementos que compoñen o programa. A avaliación do desenvolvemento e dos resultados do programa desenvolverase en distintos momentos ó longo do curso.

Realizaremos un seguimento da Programación aquí proxectada revisando a súa efectividade ó longo do curso, en cuestións como: contidos, temporalización, obxectivos mínimos, metodoloxía, motivación do alumnado...

| 2.- Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica | Escala | | | |
|--|---------------|----------|----------|----------|
| (Indicadores de logro) | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo? | | | | |
| 2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos? | | | | |
| 3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización? | | | | |
| 4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación? | | | | |
| 5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista? | | | | |
| 6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas | | | | |

| | | | | |
|---|--|--|--|--|
| 7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia? | | | | |
| 8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ? | | | | |
| 9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación? | | | | |
| 10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver? | | | | |
| 11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento? | | | | |
| 12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula? | | | | |
| 13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados? | | | | |
| 14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado? | | | | |
| 15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma? | | | | |
| 16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares? | | | | |
| 17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos? | | | | |
| 18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc. | | | | |
| 19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación? | | | | |
| 20.- Fixáronse criterios para a avaliación final? | | | | |
| 21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria? | | | | |
| 22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes? | | | | |
| 23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes? | | | | |
| 24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar? | | | | |
| 25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares? | | | | |
| 26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE? | | | | |
| 27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas? | | | | |
| 28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos? | | | | |
| 29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15) | | | | |
| 30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso | | | | |
| 31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro? | | | | |
| 32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia? | | | | |

Observacións:

12.-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O programa de mellora de aprendizaxe e rendemento é unha medida extraordinaria de atención á diversidade que combina unha adaptación curricular significativa e medidas organizativas específicas.

Na planificación educativa do PMAR tivemos presente a atención á diversidade dunha forma global. Non obstante, é posible ter presente a atención á diversidade do alumnado que forma parte do programa e iso fai que recapitulemos naquelas situacións que poidan supoñer unha diversidade no grupo.

As medidas de atención á diversidade terán en conta dous tipos de situacións partindo dos contidos curriculares:

- Situación na que o alumnado debido á súa problemática persoal presenta un progreso máis lento. Nestes casos axustaranse os contidos mínimos.
- Situacións nas que o alumnado presenta un maior desenvolvemento das súas capacidades daráselle a posibilidade de traballar ampliacións das mesmas e traballos de búsqueda de información.

A atención á diversidade contéplase en tres niveis: na programación, na metodoloxía e nos materiais:

✚ A atención á diversidade na programación.

Os criterios de programación que responden a necesidade de atender á diversidade do alumnado máis destacados son:

- A secuenciación nunha orde crecente de dificultade e de especialización.
- A programación de contidos para a adquisición de métodos, técnicas e estratexias. A finalidade perseguida é que cada alumno poida desenvolver un traballo autónomo que lle permita progresar ao seu ritmo.
- A programación de actividades de motivación, ideas previas, de desenvolvemento, de síntese e resumo, de recuperación, de ampliación, de avaliación, etc.

✚ Atención á diversidade nas metodoloxías:

A atención á diversidade está contemplada tamén na metodoloxía e nas estratexias didácticas concretas que se van aplicar na aula.

□

✚ Atención á diversidade nos materiais utilizados:

Os materiais empregados son moi variados e, é preferible que sexan elaborados polo profesorado (sobre todo nos ámbitos). Nas materias comúns os materiais son os mesmos utilizados polo grupo-clase independentemente de que o profesorado leve a cabo as adaptacións que considere oportunas.

13.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

A situación sanitaria que atravesamos obríganos a reducir as actividades dentro e fóra do centro ante as dificultades para garantir completamente a seguridade do alumnado: ventilación, distancias mínimas no transporte ou na propia actividade, etc. Con todo, o alumnado de 3º de PMAR participará en todas as actividades deseñadas polos diferentes departamentos para este nivel durante todo o curso.

Véxanse as diferentes programacións didácticas de Lingua Galega e Literatura, Lingua Española e Literatura e Xeografía e Historia.

14.- ANEXO Á PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA E LITERATURA PARA O CURSO 2021-2022

Debido á situación de excepcionalidade derivada da actual pandemia e tendo en conta os tres escenarios posibles durante este curso académico, contéplase a modificación dalgúns aspectos da programación de referencia tal e como se reflicte no seguinte cadro.

| TIPO DE EDUCACIÓN | SEGUIMIENTO DAS CLASES | METODOLOXÍA | ESTÁNDARES | AVALIACIÓN |
|--|--|--|--|--|
| EDUCACIÓN SEMIPRESENCIAL | | | | |
| Un ou varios alumnos/as dun grupo ausentes por quince días de corentena ou un período indeterminado no caso de alumnado positivo en COVID. | <p>Cando?</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Na hora de clase, se é posible. 2. Nos días e horas pactados previamente co alumnado, se non hai outra posibilidade. | <p>Actividades:</p> <p>As que realicen os seus compañeiros na aula, adaptándoas sempre que sexa necesario por motivos de saúde, dificultades de conexión a Internet, etc.</p> | Os que se traballen na aula co resto do grupo durante ese período. | <p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Observación sistemática -Análise das súas producións. -Proba escrita e/ou oral cando se incorpore (se se trata de un período de ausencia de quince días). -Probas específicas a través de videoconferencia, streaming, etc. en caso dun período de ausencia máis longo. |
| <p>Como?</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Por streaming en directo se é posible. 2. Por videoconferencia, individualmente, en horario pactado co alumnado, se é imprescindible e especialmente se teñen dificultades para conectarse ou teñen necesidades educativas específicas. 3. A través da aula virtual, EDIXGAL (na ESO) e o correo electrónico o alumnado poderá consultar as dúbidas, recibir e entregar as tarefas, participar nos foros, recibir material complementario, etc. | <p>Metodoloxía:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1.-Impartir clases por streaming en directo. 2.-Facer chegar ao alumnado o contido das clases por medio de presentacións, relato, audio, ou vídeo colgado na AV. 3.-Crear un curso específico na AV para o alumnado nesta situación (motivos de saúde, alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo, integración tardía no sistema educativo, TDAH, etc.). 4.-Enviar instrucións, directrices ou tarefas a través dos foros da AV. | <p>Instrumentos:</p> <p>Os sinalados na programación de referencia.</p> <p>Se o período de ausencia fose longo diminuírase a carga porcentual das probas escritas en favor das probas orais, traballos individuais e observación sistemática.</p> | | |
| <p>Materiais e recursos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Libro de texto. -Material complementario na | | | | |

| | | | | |
|--|---|--|---|---|
| | | <p>aula virtual.</p> <ul style="list-style-type: none"> -Libros de lectura. -Aplicación "Cisco Webex". -Presentacións dixitais. -Foro de novas da AV. -Material preparado e entregado polas profesoras previamente ó alumnado. -Recursos de Internet. | | |
| EDUCACIÓN SEMIPRESENCIAL | | | | |
| <p>De todo o grupo, por un período de quince días de corentena ou tempo indeterminado no caso de alumnado positivo na COVID.</p> | <p>Cando?</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Na hora de clase, se é posible. 2. Nos días e horas establecidas e acordadas co resto de docentes dese grupo. | <p>Actividades:</p> <p>Priorizaranse actividades de reforzo e de repaso do visto anteriormente.</p> <p>Non obstante, se a situación se estende no tempo daráselles prioridade a aquelas actividades relacionadas cos estándares programados para ese período cuxo valor na programación de referencia é do 100%.</p> | <p>Os que teñen un valor do 100% na programación de referencia.</p> | <p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Observación sistemática -Análise das súas producións. -Proba escrita e/ou oral cando se incorpore o alumnado (se son quince días). - En caso dun período de ausencia máis longo realizaranse probas específicas utilizando distintas ferramentas dixitais: presentacións, Kahoot, cuestionarios, videoconferencias, etc. |
| | <p>Como?</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Por videoconferencia, a través de "Cisco Webex". 2. Por videoconferencia, individualmente, en horario pactado co alumnado, se é imprescindible e especialmente se teñen dificultades para conectarse ou teñen necesidades educativas específicas. | <p>Metodoloxía:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1.-Impartir clases por videoconferencia. 2.-Facer chegar ao alumnado o contidos por medio de presentacións, relato, audio, ou vídeo colgado na AV. 3.-Crear un curso específico na AV para alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo, integración tardía no sistema educativo, TDAH, | | <p>Instrumentos:</p> <p>Os sinalados na programación de referencia.</p> <p>Se o período de ausencia fose longo diminuírase a carga porcentual das probas escritas en favor das probas orais, traballos individuais e observación sistemática.</p> |

| | | | | |
|---|---|--|--|--|
| | <p>3. A través da aula virtual, EDIXGAL na ESO) e o correo electrónico o alumnado poderá consultar as dúbidas, recibir e entregar as tarefas, participar nos foros, recibir material complementario, etc.</p> | <p>etc.).</p> <p>4.-Enviar instrucións, directrices ou tarefas a través dos foros da AV.</p> <p>Materiais e recursos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Aplicación "Cisco Webex. -Aula virtual. -Presentacións dixitais. -Foro de novas da AV. -Libros de texto -Libros de lectura. -Material preparado e entregado polas profesoras previamente ó alumnado. -Recursos de Internet. | | |
| EDUCACIÓN NON PRESENCIAL | | | | |
| En caso de confinamento ou peche de todo o IES. | <p>Cando?</p> <p>1. Na hora de clase, se é posible.</p> <p>2. Nos días e horas establecidas e acordadas co resto de docentes dos diferentes grupos.</p> | <p>Actividades:</p> <p>Priorizaranse actividades de reforzo e de repaso do visto anteriormente.</p> <p>Non obstante, se a situación se estende no tempo daráselles prioridade a aquelas actividades relacionadas cos estándares programados para ese período cuxo valor na programación de referencia é do 100%.</p> | Os que teñen un valor do 100% na programación de referencia. | <p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Observación sistemática. -Análise das súas producións. -Proba escrita e/ou oral cando se incorpore o alumnado (se se realice en quince días). - En caso dun período de ausencia máis longo realizaranse probas específicas utilizando distintas ferramentas dixitais: presentacións, Kahoot, cuestionarios, videoconferencias, etc. |
| | <p>Como?</p> <p>1.Videoconferencia, a través de "Cisco Webex".</p> | <p>Metodoloxía:</p> <p>1.-Impartir clases por videoconferencia.</p> | | <p>Instrumentos:</p> <p>Os sinalados na programación</p> |

| | | | | |
|--|--|--|--|---|
| | <p>2. Por videoconferencia, individualmente, en horario pactado co alumnado, se é imprescindible e principalmente se ten necesidades educativas específicas.</p> <p>3. A través da aula virtual, EDIXGAL e o correo electrónico o alumnado poderá consultar as dúbidas, recibir e entregar as tarefas, participar nos foros, recibir material complementario, etc.</p> | <p>2.-Facer chegar ao alumnado o contidos por medio de presentacións, relato, audio, ou vídeo colgado na AV.</p> <p>3.-Crear un curso específico na AV para alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo, integración tardía no sistema educativo, TDAH, etc.).</p> <p>4.-Enviar instrucións, directrices ou tarefas a través dos foros da AV.</p> | | <p>referencia.</p> <p>Se o período de ausencia fose longo, diminuírase a carga porcentual das probas escritas en favor das probas orais, traballos individuais, observación sistemática e probas específicas deseñadas con ferramentas dixitais diversas.</p> |
|--|--|--|--|---|